OBRIGA DE PRESENTACION TELEMATICA POR PARTE DE TODAS AS ENTIDADES

Dende iste mes todalas entidades: Sociedades mercantís, civiles, comunidades, asociacións non poden presentar nada en papel ante AEAT e outras entidades, no caso de que se faga sancionarase cunha multa de 250 euros. Polo tanto deberase presentar toda a documentación telemáticamente.

O mesmo tempo tamén se van incluir na obriga de ter que recibir notificacións electrónicamente como xa están a recibir as sociedades mercantís. Para eso a AEAT vai ir comunicando individualmente os que quedan obrigados a facelo, e para o cal iremos facendo as xestións pertinentes.

En todo caso, si son entidades de calqueira tipo para calqueira xestión ca Administración poñanse en contacto con Nós e cando reciban alguna comunicación da Administración mandenola.

CAP – CERTIFICADO APTITUDE PROFESIONAL

É un certificado de aptitude profesional que se require con carácter obrigatorio ós condutores de transporte de viaxeiros dende o 11 de Setembro do 2008, e os condutores de mercadorías dende o 11 de Setembro do 2009, sen o cal non poden realizar a actividade profesional do transporte.

O certificado non ten prazo de caducidade pero a súa vixencia depende de que o titular realice, dentro dos prazos determinados na normativa, os cursos de formación continua que lle correspondan. Así cada cinco anos e durante toda a súa vida profesional, os condutores deben facer os cursos de formación continua ou renovación. As empresas poden bonificar nas cuotas da Seguridade Social estes cursos, tanto a cualificación inicial de 280 ou 140 horas + exame ou o de formación continua de 35 horas, para que lle resulten de balde os seus traballadores.

De contar con algún traballador que teña que renovar o CAP mediante o curso de formación continua de 35 horas, facilitámoslle o contacto cun Centro Homologado para realizar esta formación, dentro de un horario compatible (unha tarde de venres, dous sábados e dous domingos) e con inicio de cursos tódolos meses.